



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

**MOCIÓN PEDINDO RESPONSABILIDADES
POLÍTICAS POLA ACTUACIÓN ILÍCITA DUN
CONCELLEIRO MEMBRO DA COMISIÓN DE
GOBERNO**

O Grupo Municipal do BNG de Teo, a partir de diversas queixas veciñais, iniciou hai xa algún tempo un meticuloso estudo da situación que levou, hai poucos días, a denunciar publicamente o que cremos que é un dos maiores escándalos do concello de Teo e do seu grupo de Goberno: a apropiación indebida por parte dun concelleiro do PP (D. Manuel cajaraville Campos) da madeira de varios montes de titularidade municipal ou veciñal.

Non existe ningún documento ou anotación oficial que rexistre solicitude de permiso para ditas talas, nin rexistro de escritos da Alcadía autorizando as mesma, ou constancia de calquera tipo de ingreso nas arcas municipais debidas á posíbel venta da madeira.

Segundo as diversas fontes consultadas, este grave feito ten acontecido, polo menos, en dúas fincas:

Finca de titularidade municipal en "Cruz de Lamas", parroquia de Bamonde, de 4048 m², recollida pola Xerencia Territorial do Catastro como Polígono 153, parcela 58, co nome de "Monte cerrado". A tala e recollida da madeira produciuse arredor do verán do ano pasado (2003) e deixou totalmente pelada a finca.

Finca que foi de titularidade municipal ou veciñal antes da concentración parcelaria do monte. Situada na parroquia de Reis, no lugar de Freixeiro, coñecida como "Agro novo" ou "Carril do medio". Esta finca, ou parte dela, foi asignada a novos propietarios trala concentración parcelaria. Xusto antes de que os novos propietarios recibisen os títulos de propiedade (polo tanto aínda de propiedade municipal ou veciñal), arredor do verán do 2002, a finca foi totalmente talada.

En ambos casos, diversas testemuñas veciñais sitúan aos traballadores de "Maderas Cajaraville" (empresa propiedade do concelleiro do PP e membro da Comisión de Goberno do concello de Teo Manuel Cajaraville Campos) como autores da tala e o transporte da madeira.

O BNG non está en disposición de valorar agora o importe económico da madeira, que ademais carece de relevancia diante do importante carácter político do feito. Ademais, existe constancia doutras actuacións similares por denuncias recibidas nos últimos días e que o BNG está investigando con todo detalle, polo que estes feitos agora denunciados semellan a punta dun gran iceberg.

O BNG é consciente da gravidade destas acusacións, e o feito de facelas públicas e denuncialas non é temerario. Antes de dar este paso, os concelleiros do BNG repasaron todas as anotacións dos "Libros de Rexistro de saídas" do concello de Teo, dende finais de 1998 ata a actualidade, por se estivera rexistrada algunha comunicación da Alcaldía autorizando a tala ou confirmando a venta da madeira. Nada.

Do mesmo xeito, revisáronse todos e cada un dos acordos da Xunta de Goberno dende o ano 1996. Nas actas da Comisión de Goberno si se atoparon algúns acordos de venta de madeira de propiedades municipais ou de masas comúns veciñais, pero sempre referidos a pequenas cantidades afectadas polo lume ou arrincados polo temporal. (Por exemplo, en febreiro de 2001, "pinos rotos e arrincados polo temporal nas masas comúns de Oza, e os pinos secos da masa común de Bamonde, todo por 23.000 ptas).

Este feito confirma que calquera tala ou venta de madeira de propiedades municipais ou veciñais debiera ser acordada e autorizada pola comisión de goberno, circunstancia que non se produciu nos casos denunciados.

O Concelleiro Manuel Cajaraville debe dar inmediata resposta pública a estas denuncias. Teno moi facil: só debe dicir onde está a madeira ou os cartos que xeneraron, e se se trata dunha actuación individual ou colectiva. En todo caso, a súa renuncia ao posto de concelleiro debiera ser inmediata.

Por outra banda, o Alcalde de Teo e o grupo de goberno do PP deben responder se ampararon ou coñecían esta actuación, e asumir as responsabilidades políticas derivadas de tan graves feitos.

Máis alá da resposta ou disculpa que poida ofrecer a Alcaldía e o grupo do PP que o sustenta, o BNG denuncia a cobertura institucional a este tipo de actividades xerada polo non cumprimento dos mecanismos de control que a lei establece taxativamente. A situación pode considerarse en certo punto semellante ao caos urbanístico denunciado polo BNG hai anos: créase dende a institución un clima de impiedade e deixadez que facilita este tipo de accións: o concello renuncia a garantir o imperio da lei e a exercer os mecanismos de control que esta lle impón.

Aínda hai moi pouco tempo, o BNG reclamaba nunha moción un inventario de bens municipais (feito que a lei determina e do que o concello carece). A falta deste inventario impide un control exhaustivo que impida perdas patrimoniais de bens que son públicos, e dá cobertura indirecta a todo este tipo de actuacións de delincuencia.

Por outra banda, o concello ignora a Orde do 17 de xullo de 1990 que dicta as "Instrucións de contabilidade para a administración Local" e carece de libros de contabilidade no que se rexistren pormenorizadamente as entradas ou saídas das contas públicas do Concello. Non o dí o BNG, o propio Consello de Contas de Galiza, no informe de fiscalización do ano 2000 sobre o Concello de Teo, expresa textualmente:

Os libros de contabilidade non foron encadernados e dilixenciados nos termos establecidos na Regra 61.2 da ICAL. O dito incumprimento determina que non está garantida a inalterabilidade da información facilitada mediante listados informáticos.

Dá o mesmo. O importante é seguir dando facilidades para que os "amigos" se enriquezan, xa sexa con actuacións urbanísticas irregulares ou, directamente, apropiándose das propiedades públicas municipais.

En consecuencia, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Solicitar da Alcaldía as explicacións pertinentes sobre este feito:

¿Coñecía a Alcaldía as talas efectuadas en propiedades municipais?

Se así fose ¿iniciouse algunha investigación?

¿Coñecía a Alcaldía a relación do Concelleiro D. Manuel Cajaraville coa madeira talada sen autorización en propiedades municipais?

Unha vez coñecida a denuncia ¿iniciou a Alcaldía algunha investigación? ¿Recoñeceu o Sr. Cajaraville a súa relación cos feitos denunciados?

¿Presentoulle o Sr. Cajaraville a súa dimisión?

Diante de feitos tan graves ¿Cesou a Alcaldía ao Concelleiro denunciado como membro da Comisión de Goberno?

¿Ten pensado a Alcaldía iniciar algún proceso xudicial para determinar as responsabilidades penais de quen ou quenes roubaron propiedades municipais?

2. Que se constituía unha comisión de investigación na que participen todos os grupos municipais, co obxecto de estudar os feitos denunciados, revisar a situación de outras leiras en parecidas circunstancias (propiedades que son ou foron municipais) por se puideran terse dado feitos similares que deterioran gravemente o patrimonio municipal, e determinar as responsabilidades políticas que puideran existir entre os membros da corporación. A Comisión de investigación, que poderá recabar testemuñas das persoas que considere pertinentes e consultar toda a documentación municipal relacionada co tema, presentará o seu informe diante deste Pleno no prazo de 2 meses.

En Teo, a 23 de xaneiro de 2004

Asdo.: Rafael Sisto Edreira
Portavoz Municipal suplente do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO